

LETRAS GALEGAS 2020

RICARDO CARVALHO CALERO

Este curso tócanos celebrar o noso día, o das Letras Galegas, dende a casa, pero non por iso deixa de ser un día especial. Así, dende o Equipo de Dinamización da Lingua Galega e o de Biblioteca preparámosvos esta actividade. Esperamos que disfrutedes moito facéndoa, porque a nós gustáranos moito lela.

COMEZAMOS....

Cando Ricardo Carvalho Calero era pequeniño pasaba os veráns nunha casa preto de Ferrol que se chamaba Os Tumbos. Moitos anos despois titularía así un conto. Léndoo é doado imaxinar a liberdade e felicidade que sentía naquel espazo:

A casa tiña unha horta na que eu pasaba o día escoitando o merlo que asubiaba na cerdeira, espreitando os niños das formigas e das avespas, collendo saltóns e arrenréns ou enxergando os xeitos dos coellos e das galiñas. Dende había anos, alí pasabamos o verán. Pola azotea daba eu voltas no meu triciclo. E así esvaraba a miña vida de cazador de grilos e miñocas.



ACTIVIDADE

Todos e todas temos un lugar onde nos sentimos felices e libres.
Cóntanos como é o teu!

Sintome feliz e libre cando estou...

NOME: _____